

# QUE DIFÍCIL É SER UN DEUS

[Aleksey German, 2013]

# 341

PASE ÚNICO EN NUMAX: 5 de febreiro de 2018 | V.O.S.E. | +18

*Trudno byt bogom* (2013, 170')

**Dirección:** Aleksey German

**Guión:** Aleksey German, Svetlana Karmalita  
(Novela: Arkadiy Strugatskiy, Boris Strugatskiy)

**Elenco:** Leonid Yarmolnik, Aleksandr Ilyin Jr., Yuriy Tsurilo,  
Yevgeni Gerchakov, Aleksandr Chutko, Oleg Botin,  
Dmitri Vladimirov, Laura Lauri, Pyotr Merkuriev

**Son:** Nikolai Astakhov

**Montaxe:** Irina Gorokhovskaya

**Fotografía:** Vladimir Ilin, Yuri Klimenko

**Música:** Viktor Lebedev

**Produtoras:** Sever Studio, Lenfilm Studio (Rusia)

**Distribuidora:** Capricci España

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.77:1

**Idioma orixinal:** Ruso

## FILMOGRAFÍA

*!Khrustalyov, mi coche!*, 1998

*Mi amigo Iván Lapshin*, 1984

*Veinte días sin guerra*, 1977

*Control en los caminos*, 1971

*El séptimo satélite*, 1968

## PREMIOS E FESTIVAIS

Nika Awards 2015 (Mellor filme,  
dirección, fotografía, actor —Leonid  
Yarmolnik—, deseño de produción,  
deseño de vestiario, son)

## SINOPSE

Un grupo de científicos é enviado ao planeta Arkanar para axudar a civilización local, que está na fase medieval da súa propia Historia, a atoparen a vía correcta cara ao progreso. A súa tarefa é difícil: non poden recorrer á violencia e en ningún caso matar. O científico Rumata trata de salvar os intelectuais do seu castigo e non pode evitar tomar partido.

«Propón unha incómoda  
inmersión na barbarie  
sen bombona de osíxeno:  
unha obra maior que  
pide (e merece) entrega  
incondicional»

Jordi Costa, EL PAÍS

## VINDECINE. O TEMPO DE MARTÍN CÓDAX A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

En colaboración coa Consellería de Cultura e Educación  
da Xunta de Galicia



# QUE DIFÍCIL É SER UN DEUS

[Aleksy German, 2013]

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “A lóxica comercial quere volver todo obsoleto”

Entrevista con Aleksy German  
Por Tatiana Nikichina

**Por que decidiu enfrontarse aos irmáns Strugatski?** En *Que difícil é ser un deus*, o pasado e o presente existen conxuntamente, non en paralelo nin un dentro do outro, senón simultaneamente. Xa tentara en dúas ocasións adaptar o libro dos Strugatski pero sen éxito. A primeira vez en 1968, pero as tropas soviéticas entraron en Checoslovaquia e foime prohibida a súa adaptación, pois atoparan unha asociación coa armada gris da novela dos Strugatski. E na época da Perestroika, nós mesmos abandonamos a idea comprendendo que o tema non estaba entón de actualidade. A principios da época de Gorbachov non era difícil ser un deus, ou en calquera caso así nolo parecía. Onte dirixías un laboratorio e hoxe es deus! Tiñamos entón a impresión de que estabamos constantemente preto de construír un paraíso na terra. Hoxe en día, o tempo volveu de novo.

**Roda vostede en branco e negro coa mesma película Kodak?** Si. Penso que aínda non se exploraron todas as posibilidades da película. A lóxica comercial quere volver todo obsoleto. Así, houbo un cinema mudo pero coa invención do son todo o mundo se lanzou rapidamente ao cinema sonoro. O son é unha cousa boa pero as posibilidades do cinema mudo non foran aínda nin moito

menos explotadas. É unicamente na actualidade que nos damos de conta do valor do cinema mudo. O mesmo sucede co branco e negro. Fun un dos primeiros en volver utilizalo. O branco e negro permite obter matices que ningunha película en cor podería soñar acadar. Se miramos unha boa copia de *Khrustalyov, mi coche!*, vemos uns manteis brancos luminosos: desde a miña infancia gardo o recordo deses manteis almidonados e son imposíbeis de reproducir en cor. Ademais, no cinema en cor, os rostros son rosas e paréceme imposíbel obter un bo retrato. Unha *major* americana propúxome facer unha película sobre o asedio a Leningrado. As conversas fluían até que un desacordo xurdiu sobre o uso da cor. O asedio en cor, para min, habitante de Leningrado, sería unha traizón. Abondaba imaxinar o rostro dos escritores Granine, Konestki ou dos veciños do meu edificio.

\*\*\*

## “Trátase do traballo máis logrado de German”

Entrevista con Svetlana Karmalita,  
coguiónista de *Que difícil é ser un deus*

### Onde foron construídos os platós?

A maior parte de imaxes gravadas en exteriores foron rodadas na República Checa onde numerosos castelos e

construcións medievais permitían recrear a posta en escena necesaria para o filme. Moitas escenas foron gravadas en Rusia, en San Petersburgo, onde os decorados e platós foron construídos in situ.

**En que estado se atopaba a película cando Aleksy faleceu?** A película estaba practicamente terminada. Aleksy acabara a montaxe, completara a post-sincronización e elixira as músicas co compositor Viktor Lebedev. O filme estaba listo para a última etapa, a mestura, onde todos os elementos da película xúntanse. Pero non puido completalo. Fomos Aleksy German Jr. e eu mesma quen seguimos traballando niso. Non engadimos nin suprimimos nada. Podo garantir que nos limitamos a completar o traballo de Aleksy exactamente como el o imaxinou.

**Que diría ao espectador que se dispón a descubrir a película?** Gustaríame dicirlle a todos os espectadores que é moi doada de entender. Ao meu parecer trátase do traballo máis logrado que Aleksy fixo nunca pero sempre considerei cada un dos seus filmes como mellor que os seus precedentes. Só me gustaría dar un último consello: concentrádevos simplemente no heroe da película e tentade compartir a súa vida.

Textos publicados en [www.capriccicine.es/](http://www.capriccicine.es/)  
Traducións: Xan Gómez Viñas



Abónate  
e ven sempre  
por 4,5€

Faite  
NUMAX!